

(*****)

IDENTIFICACIÓN DE CONDUCTAS

- identifica manifestacións do control en situacións cotiás
- reconece os mitos do amor romántico a través de situacións cotiás
- é quen de identificar distintas situacións dadas como violencia de xénero
- reconece condutas propias prexudiciais ou de risco que poden producir violencia de xénero

IDENTIFICACIÓN DE ESTADOS EMOCIONAIS

- identifica manifestacións do malestar psicolóxico nas relacións interpersoais
- é quen de identificar os cambios de estado de ánimo propios
- é quen de percibir os cambios de estado de ánimo doutras persoas

ADQUISICIÓN DE HABILIDADES SOCIOEMOCIONAIS

- é quen de manifestar as súas emocións e sentimentos a través da comunicación verbal
- é quen de expresar as súas necesidades e negociar as súas posicións no transcurso dun desacordo desde a comunicación asertiva
- ten estratexias para manifestar o seu desexo e consentimento ante unha experiencia sexual
- reconece e respecta os límites legais do consentimento sexual
- reconece e respecta as decisións doutras persoas
- reconece unha situación de perigo
- é quen de manifestar o seu malestar ante unha situación dada
- ten mecanismos de resposta para afrontar unha situación de violencia de xénero
- ten mecanismos de autocontrol
- pon en práctica estratexias de negociación na conversa
- é quen de negar o seu consentimento en contextos dados
- é quen de adoptar pautas de precaución no uso das redes co fin de protexer a súa intimidade
- é quen de comprender os riscos de difundir material íntimo pola rede

COMPETENCIAS DIXITAIS

- é quen de identificar manifestacións da violencia de xénero a través das novas tecnoloxías (redes sociais, telefonía, aplicacións de contactos etc.).
- ten habilidades para xestionar información persoal na rede

ADQUISICIÓN DE RECURSOS

- é quen de identificar as persoas que lle producen confianza e seguridade no centro educativo para comunicar unha situación que lle preocupe
- sabe como dar unha alerta ante unha agresión sexual
- sabe como dar unha alerta ante unha situación de violencia de xénero
- sabe contactar cos recursos de atención sociocomunitaria dispoñibles para a atención de situacións de violencia de xénero